

## XÉNEROS E TIPOLOXÍAS TEXTUAIS

Os textos son as formas orais ou escritas mediante as que os seres humanos nos comunicamos. Dado que a comunicación humana responde a múltiples necesidades e intencións e se realiza en contextos moi diversos, producimos un texto ou outro en función do contido ou temas que queremos tratar (das ideas, emocións, informacións, etc., que pretendemos transmitir). Así, se temos que facer un traballo de ciencias naturais imos escribir un texto non literario, neste caso o científico; se o que se nos pide é que inventemos unha historia, reflexarémola nun texto literario, concretamente o conto; se se trata de expresar a nosa opinión sobre un tema en concreto, o texto será periodístico como o artigo de opinión.

### Clasificación dos textos segundo a súa temática (xéneros).

#### a) Literarios:

Son aqueles nos que a finalidade principal do autor é a estética.

• **Textos literarios narrativos:** contan uns sucesos que lles ocorren a uns personaxes nun lugar e nun tempo determinados.

- Conto ou relato curto

- Novela

• **Textos líricos:** expresan sentimentos.

• **Textos dramáticos ou teatrais:** a súa finalidade é a de ser representados. A historia transmítese ao espectador a través dos diálogos dos personaxes.

Características dos textos literarios:

• Son ficción

• Poden combinar fantasía e verosimilitude

• Teñen un fin estético ou artístico

• Poden utilizar todos os rexistros da lingua, rompendo incluso as regras en ocasións.

Exemplos: contos, novelas, obras teatrais, poemas...

#### b) Non literarios:

Son textos que pertencen ao ámbito persoal, social, académico, profesional, etc.

• **Textos científicos:** transmiten informacións e valoracións científicas (estudos sobre as matemáticas, física, ciencias naturais...)

•**Textos técnicos:** transmiten informacións e valoracións técnicas (informática, tecnoloxía, ...)

•**Textos humanísticos:** transmiten informacións e valoracións relativas ás chamadas ciencias humanas (estudo de la literatura, lingua...) e ciencias sociais (filosofía, historia, ...)

•**Textos periodísticos:** transmiten informacións e opinións sobre temas de actualidade (política, economía, cultura, ...).

-Segundo o nivel de obxectividade ou subxectividade que o emisor (o/a xornalista) lle imprima ao texto falaremos de tres xéneros periodísticos:

a) Xénero informativo: o seu obxectivo é informar de xeito obxectivo, expoñer os feitos. A este xénero pertencen a noticia e a entrevista.

b) Xénero interpretativo: afonda na información. A súa finalidade é relacionar a actualidade co seu contexto. A súa función principal é a explicación. A reportaxe, a crónica, a crítica e o ensaio periodístico.

•c) O xénero de opinión. A finalidade destes textos é convencer, intentar que a persoa receptora tome partido pola postura defendida polo xornalista. O editorial, a columna ou o artigo de opinión son expresións deste xénero.

•**Outros textos non literarios:** administrativos, xurídicos, publicitarios.

Características dos xéneros non literarios:

•Reflexan a realidade

•Informan ou opinan

•Usan a lingua estándar ou culta nunha situación formal.

Exemplos: textos científicos, filosóficos, históricos, informes, certificados, noticias...

### **Clasificación dos textos segundo a forma en que están escritos (tipoloxías textuais)**

Unha vez determinado o xénero que imos utilizar, debemos elixir a forma de organizar o discurso. **As distintas formas de organizar un texto, dependendo**

**da intención que teña o emisor, chamámolas tipoloxías textuais.**

A clasificación dos textos segundo a súa tipoloxía ou modalidade é a seguinte:

- **Textos narrativos:** relatan sucesos.
- **Textos descritivos:** din cómo é algo (paisaxe, ambiente, sensación...) ou alguén.
- **Textos dialogados:** reproducen por escrito a conversación oral.
- **Textos expositivos:** dan unha información de forma obxectiva, clara, ordenada e precisa.
- **Textos argumentativos:** defenden unha idea (tese). Implican, polo tanto, subxectividade.
- **Textos instrutivos (e prescriptivos):** tratan de ensinar, aconsellar, guiar ou ordenar a realización dunha serie de pasos ou accións. Chámanse prescriptivos se son normas xurídicas.
- **Textos predictivos:** enuncian (xa sexa por revelación, ciencia ou conxectura) algo que aínda non sucedeu, pero que, en principio, vai suceder.

Así, por exemplo, se redactamos un artigo de opinión, utilizaremos a argumentación; se nos animamos a escribir un conto, combinaremos a narración coa descrición máis os diálogos.

## **EXEMPLOS**

### **TEXTO 1**

*O oso Cachou matou durante a noite deste mércores a unha egua adulta no municipio de Viella, capital da comarca do Val de Arán, no quinto ataque do plantígrado en dúas semanas. A madrugada do martes, o animal matara a outra egua, de 20 meses de idade, na mesma localidade. O Conselh Generau d'Aran especificou que, a pesar de que os axentes de Medio Ambiente intentaron escorrentalo, "a actuación non evitou que Cachou volvera a matar".*

**Este texto pertence ao xénero non literario periodístico. Trátase dunha noticia, pois infórmanos de que un oso matou a varios animais domésticos nos últimos días. A tipoloxía utilizada é a narración porque conta uns feitos (a morte dunha egua e doutros animais) nun lugar (Viella) e nun tempo (nos últimos días) concretos.**

## TEXTO 2

*Apenas teño lembranzas do meu pai, sei que lle gustaba moito o café, comer queixo de madrugada e escoitas discos de Pink Floyd. Cando el vivía na casa había un cuarto dedicado en exclusiva á música, coas paredes de cortiza, un tocadiscos e andeis cheos de vinilos e cintas de música gravada dos programas de radio, aínda no existían os cedés, nin internet, nin reprodutores dixitais.*

## TEXTO 3

*O corazón é o órgano principal do sistema circulatorio. A súa función é propulsar o sangue a todo o corpo. Situado no mediastino, está constituído por catro cavidades —dúas aurículas na rexión superior e dous ventrículos na inferior—, as arterias aorta e pulmonar, as veas cavas inferior e superior, as válvulas bicúspide, tricúspide, aórtica e pulmonar, e tres capas protectoras: o pericardio, o miocardio e o endocardio.*

## TEXTO 4

Non te rindas por favor non cedas,  
aínda que o frío queime,  
aínda que o medo morda,  
aínda que o sol se poña e cale o vento,  
aínda hai lume na túa alma,  
aínda hai vida nos teus soños,  
porque cada día é un comezo,  
porque esta é agora e o mellor momento,  
porque non estás soa,  
porque eu quérote.

## TEXTO 5

*Artigo 18*

- 1. Garántese o dereito a honra á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.*
- 2. O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou registro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo no caso de flagrante delito.*
- 3. Garántese o segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas, salvo resolución xudicial.*
- 4. A lei limitará o uso da informática para garantir a honra e aa intimidade persoal*

*e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.*

## **TEXTO 6**

*Este mesmo é o que están facendo os nosos políticos. Si, o gasto en educación é elevado, pero recortar de aquí é a maior garantía para sufrir antes que los demais futuras crises económicas e enfrontarse a elas en peores condicións que outros países, tardando máis en saír dela.*

## **TEXTO 7**

*Cabalo: Teño fame... Non me deches de comer en dous días.  
Labrego: Como esperas que te alimente se xa non traballas?  
Cabalo: Ti sabes que estou vello e que traballei para ti durante moitos anos.  
Labrego: Seino... E quérote... Pero tes que demostrarme que aínda es forte.  
Cabalo: Como podo demostrarte que aínda son forte?  
Labrego: Se me traes un león, seguireite coidando. Pero, por agora, vaite do meu cortello..*

## **TEXTO 8**

*O comezo do conflito sóese situar no 1 de setembro de 1939, coa invasión alemá de Polonia, o primeiro paso bélico daa Alemaña nazi na súa pretensión de fundar un Terceiro Reich alemá sobre Europa, que produciu a inmediata declaración de guerra de Francia coa maior parte dos países do Imperio británico e a Commonwealth ao Terceiro Reich. Desde finais de 1939 ata inicios de 1941, mercede a unha serie de fulgurantes campañas militares e a sinatura de tratados, Alemaña conquistou ou someteu gran parte da Europa continental.*